

QUÉ É SER ARXENTINO? A CREAÇÃO DUNHA IDENTIDADE NACIONAL DENDE A INDEPENDENCIA ATA 1890

What is being arxentine? Creation of national identity from independence at 1890

CARLOS SIXIREI PAREDES
Universidade de Vigo

Recibido: 28/09/23
Aceptado: 31/10/23

Resumen

La creación de las Naciones en Iberoamérica responde a procesos de larga duración que no llegan a concretizarse hasta muchos años después de la Independencia. Podemos afirmar que en los países iberoamericanos primero fue el Estado y la Nación fue bastante posterior. En el caso argentino la década de los Ochenta del S.XIX resultó decisiva para que lo que hasta entonces era una confederación de provincias mal unidas acabara derivando en el desarrollo y potenciación de un Estado unitario y de una conciencia de identidad común que creaba una realidad distinta de la que hasta entonces estuvo vigente.

Palabras clave: Nación, Estado, Argentina, los Ochenta.

Resumo

A creación das Nacións en Iberoamérica responde a procesos de longa duración que non chegan a tomar forma ata moitos anos despois da Independencia. Podemos afirmar que nos países iberoamericanos primeiro foi o Estado e a Nación foi bastante posterior. No caso arxen-

tino a década dos Oitenta do século XIX resultou decisiva para que o que ata entón era unha confederación de provincias mal unidas acabara derivando no desenvolvemento e potenciación dun Estado unitario e dunha conciencia de identidade común que creaba unha realidade distinta da que ata entón estivera vixente.

Palabras chave: Nación, Estado, Arxentina, os Oitenta.

Abstract

The creation of Nations in Latin America responds to long-term processes that did not come to fruition until many years after Independence. We can affirm that in Latin American countries the State came first and the Nation came much later. In the Argentina case, the decade of the 1880s was decisive so that what, until then, was a confederation of poorly united provinces ended up leading to the development and empowerment of a unitary state and a consciousness of a common identity that created a social reality different from the one that had been in force until then.

Key words: Nation, State, Argentina, the Eighty.

1. Introducción

O Dicionario UNESCO de Ciencias Sociais, na súa edición en español, Vol. III, define a nación nos seguintes termos:

A Nación é un grupo aglutinado por diversos elementos étnicos, lingüísticos, relixiosos...

Ás veces a forza da cohesión consiste na mestura dalgún deles, outras veces é o predominio dun elemento determinado o que posúe, como núcleo, gran forza de homoxeneización. Non é posible precisar, e menos co carácter xeral que exixiría unha definición, en que consiste esa forza aglutinante.¹

Evidentemente, este intento de definición mais que definición propiamente dita, non foi aceptado sempre con tal redacción. No pensamento marxista, por exemplo, o concepto de nación é bastante flutuante. Stalin consideraba que a nación era “unha comunidade humana estable, historicamente formada e xurdida sobre a base da comunidade de idioma, territorio, de vida económica e de psicoloxía manifestada esta na comunidade de cultura”². É dicir, Stalin define a nación en termos de características excluíntes. Non fala de elementos hexemónicos, senón únicos, pero contempla tamén a nación coma algo temporal e non eterno e que se corresponde a unha fase da evolución histórica, a do capitalismo ascensional construído sobre as ruínas do particularismo feudal. Pero os austromarxistas, némesis de Lenin e sucesores, a definían en termos mais limitados. Para Rudolf Springer (pseudónimo de Karl Renner) a nación era unha unión de homes que pensan e falan do mesmo xeito. Os individuos pertencían a unha nación determinada por libre elección e non polo seu lugar de residencia eliminando deste xeito o *ius solis* e a existencia de “minorías nacionais”. E Otto Bauer ía mais alá: A nación era unha comunidade relativa de carácter o que, á súa vez levaba a ter que definir en que consistía ese carácter: “O carácter nacional é a suma de trazos que distinguen aos homes dunha nacionalidade dos de outra, o conxunto de trazos físicos e espirituais que distinguen a unha nación de outra”³. A única concesión que fai a respecto do carácter nacional é recoñecer que se trata non dunha substancia inmutable senón dun precipitado da historia ou, o que é o mesmo que, coma categoría está suxeita a constantes cambios³ (Karl Kautsky, dende o mesmo campo ideolóxico e da mesma militancia partidaria, xa tiña criticado ardorosamente esta teoría). Tal visión idealizada do que é unha nación, aínda que proveña dun

1 Del Campo, Salustiano (1987), 1482.

2 Marx y Otros (1976), 279.

3 Sobre o pensamento de Bauer ver: Manuel García Pelayo (1979).

pensador marxista (pero socialtraidor para os que coídan os tarros das esencias) sería combatida anos despois por outro pensador non marxista e español, probablemente o home mais intelixente da súa xeración, Julio Caro Baroja, quen consideraba que todo o que fora falar dun carácter nacional, por mais que proviñera de xentes tan dispares coma o socialdemócrata austríaco Bauer ou a antropóloga norteamericana Margaret Mead, era unha actividade mítica ou sexa, que se axustaba a unha tradición mais ou menos elaborada sen ningunha base científica que poda apoiarse en feitos observados e observables⁴ entendendo por mito o que apunta un medievalista, o Prof. Peña Pérez falando en termos case líricos dos que deron orixe á invención na nación castelá: “O mito é, entre outras moitas cousas, unha elipse da razón, unha abreviatura do pensamento, unha simplificación do argumento, unha negación da crítica, unha invitación ao acomodo mental e á pasividade esteticista”⁵.

Noutras palabras, que o concepto de nación é algo que está lonxe de estar claro e admite as mais diversas interpretacións pero case todas elas de carácter determinista. Feito que xa estaba presente no século XIX.

En efecto, a idea de nación que se desenvolve dende 1789, sofre un cambio fundamental a partir das etapas revolucionarias de 1848. Se a primeira versión corresponde aos ideais da Ilustración, a segunda é modelada polos ideais do Romanticismo.

A idea de nación que nace coa Revolución Francesa é a dun ente único e indivisible. Un conxunto de cidadáns “dos que a soberanía colectiva facía deles un Estado que era a súa expresión política”⁶. Así que nesta definición non entran a raza, a lingua, a relixión ou calquera outro factor que por unha banda aglutina e por outra discrimina, senón o feito de querer estar baixo un mesmo goberno.

Pero o ciclo revolucionario de 1830-48 vai substituíndo progresivamente un nacionalismo integrador (en realidade un escaso nacionalismo) por un nacionalismo identitario na que o Estado aparece coma unha exigencia da Nación e non ao contrario. Este discurso acelérase dende 1880 e vai acompañado de creación de linguas supostamente nacionais e historias nacionais igualmente supostas amén doutros engadidos que van da música popular á cociña. Coma xa ten escrito Hobsbawm “as linguas nacionais son case sempre conceptos semiartificiais e de vez en cando...virtualmente inventadas”⁷ coma acontece co hebreo ou o vasco modernos. E o mesmo acontece coas historias onde a realidade e o mito se mesturan creando unha amalgama de esencias fundacionais elevadas á categoría de dogmas

4 Julio Caro Baroja (1970), 72ú

5 Francisco Javier Peña Pérez (2005), 130

6 Eric J. Hobsbawm (1991), 27

7 Eric J. Hobsbawm (1991), 62

de fe nas que non sempre é doado separar a realidade da fantasía ou, pola contra, é moi doado porque a mestura e grotesca demais pero o que non e doado é atreverse a facelo. Xa tiña dito Renan que “o erro histórico é un factor esencial na creación dunha nación de xeito que o progreso dos estudos históricos é a miúdo un perigo para a nacionalidade”⁸.

A necesidade de xustificar a existencia de estados separados, e mesmo hostís entre si, onde non había argumentos lingüísticos, cartográficos, relixiosos ou étnicos que a xustificaran, converte o debate sobre a invención das nacións iberoamericanas nun dos exemplos paradigmáticos de como todo este proceso foi o resultado de asumir ideas foráneas e de inventar elementos identitarios específicos e xustificativos onde tales cousas non existían. Arxentina é un bo exemplo de todo elo.

2. As orixes do nacionalismo arxentino

O que nace despois do proceso de independencia do que oficialmente pasarían a chamarse Provincias Unidas do Rio do Prata, é un estado. A idea de nación non estaba na cabeza nin nas preocupacións dos moi conservadores integrantes (case a metade dos congresistas eran relixiosos) do Congreso de Tucumán do Ano XIII, denominación de clara influencia xacobina para falar de 1816. E aquel estado tiña dúas características que o achegan ao resto de estados que agroman despois da separación de España: Era mais reducido que o territorio inicial representado polo vicerreinado (perda do Alto Perú, de Paraguai e da Banda Oriental) e era un estado caudillista onde os que tiñan mando en praza eran os militares protagonistas das guerras de separación. Aínda que con intentos de implantar un poder civil tan só na provincia de Bos Aires, a única que contaba cun sector social que podía competir cos caudillos de poncho e montonera, a verdade foi que estes intentos estaban chamados ao fracaso. En realidade aquel conglomerado territorial non era outra cousa que un conxunto de provincias unidas entre si por lazos bastante laxos, o bastante coma para que a suposta autoridade estatal con sé en Bos Aires, exercera un poder mais teórico que real sobre o conxunto do territorio. Tan teórico que os anos que seguen á independencia son de absoluta anarquía da que vai emerxendo a provincia de Bos Aires coma a hexemónica especialmente en termos económicos pero, en situacións coma as que vivía o país, quen controlaba a economía acababa por ter a tixola polo mango.

Dous foron os factores que contribuíron decisivamente para impoñer a supremacía porteña, en realidade mais a supremacía da cidade-porto que do territorio

8 Ernest Renan (1987), 65.

circundante aínda que este tamén contribuíu a fortalecer o dominio provincial. En primeiro lugar Bos Aires era o único porto importante de toda a costa atlántica que podía ser utilizado polo comercio co exterior, así que case todo o que se vendía e se mercaba no exterior tiña necesariamente que pasar por alí. Unha vez que Montevideo, un porto con mellores condicións naturais que o bonaerense, pasara a estar controlado primeiro polas autoridades brasileiras, e despois polo goberno independente instalado no Uruguai dende 1830, Bos Aires non tiña rival no territorio das Provincias Unidas. E nun nacente país onde as principais rendas fiscais do Estado proviñan do control das alfándegas, non é difícil concluír que quen tiña as alfándegas tiña o poder real. O segundo factor ten que ver coa provincia que se tiña beneficiado da ruína que as guerras da independencia e sucesivas causaran na economía gandeira de Santa Fe, Entre Ríos e Corrientes polo que a pampa bonaerense comezou a recibir fortes inversións potenciando unha gandería en prexuízo da produción agrícola. Se consideramos que as exportacións polo porto de Bos Aires en vésperas da independencia eran de prata procedente do Alto Perú nun 80%, é doado decatarse da rapidez con que os comerciantes e inversores porteños procuraron substituír estancias por minas para non perder beneficios. E non resultou, polo menos no papel, moi complicado. En 1822 Bernardino Rivadavia, un fillo de emigrantes galegos, e que era ministro do goberno provincial, introduciu o sistema enfiteútico polo que as terras públicas, que eran enormes, foron arrendadas (non vendidas) a particulares e entidades que quixeran explotalas por vinte anos e a un prezo moi baixo. Todo elo foi o sinal para comezar a carreira de creación de enormes latifundios, base do poder dunha oligarquía vacuna que controlaría o Estado durante un século. Abonda con indicar que, nos oito anos seguintes, cen leguas cadradas de terras estatais (2,6 millóns de Has.) foron entregadas para a súa explotación a tan só 112 particulares e empresar o que daba un termo medio de 52.611 has. por beneficiado. Na década seguinte, transferíronse 8 millóns de has. mais a un total de 500 arrendatarios en boa parte pertencentes ás familias adañeiradas da cidade coma os Anchorena, os Pereyra Iraola, os Santa Coloma, os Álzaga etc. cerne da aristocracia gandeira e, algúns deles, emparentados co gobernante de entón en Bos Aires, Juan Manuel de Rosas, un dos modelos emblemáticos do poder caudillista iberoamericano, coma foi o caso dos Anchorena, casualmente primos. Todo elo contribúe a crear unha mesta rede de intereses entre gobernantes e facendeiros que explica o devir da política arxentina nas décadas seguintes. Ás terras propiedade do Estado había que engadir as que se ían ocupando aos indíxenas, pobos nómades que precisaban para a súa subsistencia de amplos terreos de caza. E os indios, que as defendían, viraron en incómodos veciños aos que se lle tiñan engadido gauchos sen traballo, desertores do exército, delincuentes de diversa pelaxe, pero especialmente da pelaxe violenta, e refuxiados que escapaban dos conflitos

cívís que agromaban en practicamente todas as provincias. Todos eles sumados marcaban o límite das posibles expansións, un límite que os inversores non estaban dispostos a tolerar. A oligarquía porteña precisaba orde e lei nos territorios de fronteira. E se os civilistas non estaban en condición de aplicalas ninguén facía noxos a que os caudillos se fixeran cargo da situación.

Coma ficou indicado, vivíanse anos de anarquía. A década dos vinte contempla o case desmembramento das Provincias Unidas e a derrota do civilismo: Federais contra unitarios, caudillos contra caudillos e Bos Aires contra todos ou case. Nas provincias, os líderes locais, ás veces analfabetos pero con hordas montoneiras detrás, se resistían a ser controlados dende Bos Aires. A batalla de Cepeda de 1820 marca a derrota das tropas gobernamentais fronte ás forzas irregulares, pero moi efectivas, de gauchos e indios que seguían aos caudillos coma eran Estanislao López en Santa Fe, Francisco Ramírez en Entre Ríos, Martín Güemes en Salta, Facundo Quiroga en boa parte do interior e do noroeste, o Chacho Peñaloza en Tucumán e La Rioja etc.⁹. Aquilo foi unha guerra de todos contra todos nos que os inimigos viscerais da véspera eran os aliados fraternos do día seguinte. A oposición ás políticas de Rivadavia, un individuo que tentou unha solución centralista e unitaria para salvar o país, acabou no fracaso da experiencia civilista abrindo o camiño a Juan Manuel de Rosas, gran estancieiro, representante dos intereses agrarios, emparentado con familias patricias e caudillo que mobilizaba a milleiros de homes que morrían e mataban ás súas ordes. Rosas era un defensor do federalismo laxo no que Bos Aires tivera a hexemonía; das demais provincias o que se pedía era que non se entremeteran na política porteña, unha política que non tiña vocación de “nacional” pero sí de controladora do porto. Rosas era un home que tiña unha visión simplista da sociedade dividida entre os que mandaban e os que obedecían. E loxicamente, el pertencía ao primeiro grupo. El, os seus parentes e os seus aliados que recibían toda clase de prebendas. E entre estas prebendas figuraba en primeiro lugar a terra pampeana, unha das máis fértiles do mundo. En 1830 só 60 propietarios controlaban 400 légoas cadradas mentres que o os pequenos propietarios tiñan o 1% da superficie explotada. Este grupo gran propietario controlaba, ademais, a política a través da Cámara de Representantes integrada por 80 persoas das que 48 eran grandes facendeiros. Os primos de Rosas, os Anchorena tiñan en propiedade, en 1850, 824.241 has. pola súa banda o propio Rosas posuía 188.552 has. ocupando o posto 10 na lista de maiores terratenentes do país.

Pero esta economía agraria, que vivía das exportacións de charque, carne salgada, coiros e sebos estaba alentando o crecemento urbano de Bos Aires, único

9 Sobre o caudillismo arxentino ver Tulio Halperín Donghi e Jorge Lafforgue (Coord.) (2000) *Historias de caudillos argentinos*, Buenos Aires, Ed. Alfaguara.

lugar por onde as riquezas do interior tiñan saída. A cidade, que era un exemplo de pestilencia, insalubridade e carencia de servizos mínimos tais coma sumidoiros, iluminación ou subministro de auga, onde o cólera e a febre amarela tiñan presenza continuada, estaba incrementando notablemente os seus habitantes que pasaran de 55.416 en 1822 a 177.787 en 1859 ao mesmo tempo que a poboación do conxunto da provincia pasaba, para as mesmas datas, de 118.646 hab. a 495.107. Obviamente todo este medre non se debía en exclusiva a sucesivos saldos naturais positivos. A inmigración algo tiña que ver e, se ben aínda non se tiñan producido as grandes enxurradas que acontecen dende 1870, xa non era nada anormal atoparse nas poeirentas rúas da capital ou nos enlamezados camiños da Pampa, con españois, italianos, franceses, galeses ou xudeus de mil procedencias, dedicados aos mais diversos traballos, xentes, en fin, que darían lugar a algunhas das mais coñecidas fortunas arxentinas das xeracións seguintes. Mais dun terzo da poboación daquel enorme territorio que carecía dunha clara identificación, vivía na provincia de Bos Aires e, loxicamente, isto condicionaba todo o devir da política das Provincias Unidas aínda que cada caudillo continuara facendo da súa capa un saio nos seus respectivos feudos provinciais. Unha situación que tiña data de caducidade, e esta data foi a batalla de Caseros de 1852, cando o “ditador” Rosas foi derrotado polo exército da Tripla Alianza integrada pola provincia de Entre Ríos, gobernada por Justo José Urquiza, os comerciantes e os exiliados porteños de Montevideo e o Brasil que facilitou a forza naval. Rosas non era un ditador propiamente dito, tampouco era o líder nacionalista e patriota con que algúns sectores, tanto da intelectualidade coma da política, trataron de revestir a súa figura. Era un caudillo ao estilo dos que medraban, florecían e desaparecían noutros lugares do continente. Un caudillo coma os que por entón había en todas as provincias arxentinas só que con mais poder porque contaba con mais recursos. E este poder foi exercido utilizando o terror coma método para eliminar aos seus opositores mediante o crime selectivo o que tampouco era tan infrecuente na época. Non houbo nunca, baixo o rosismo, asasinatos masivos, pero si os houbo individualizados entre os que se mostraban críticos co goberno. Por outra banda Rosas contaba co apoio da maior parte da oligarquía gandeira que sostíña aquel réxime porque se beneficiaba del e garantía orde no campo e na cidade. Só cando esta alianza clasista (Rosas era un “primus inter pares”) quebrou, Rosas foi derrotado e debeu marchar para o exilio en Inglaterra.

É no grupo de opositores, xoves mozos intelectuais e con formación académica, exiliados en Chile ou no Uruguai, onde comeza a abrirse paso o debate sobre a caracterización das Provincias Unidas do Río do Prata. ¿Que era aquel conglomerado mal amañado de provincias que actuaban cada unha pola súa conta?, ¿como chamarlle a un Estado que so existía no papel dos tratados internacionais?. Na

chamada xeración de 1837 foi onde por primeira vez pretenderon dar resposta a estas interrogantes.

Pero esta xeración aparece nun contexto de grandes cambios na sociedade argentina, especialmente no eido económico. A primitiva gandería vacuna que pastaba en campo abertos da inmensa Pampa, estaba sendo substituída progresivamente por gando ovino que o facía en enormes extensións pechadas por arames. Se ben continuaba exportándose materia prima con escasa ou ningunha transformación, os mercados consumidores xa non eran os mesmos. Se o charque ou carne seca destinábase aos países escravistas achegados coma Brasil ou Cuba, a lá tiña coma destino a industria téxtil británica. E ao final da etapa rosista tiña virado no principal ítem de exportación. O vacún non recuperará a súa importancia ata que a industria frigorífica apareza en escena. Abonda indicar sobre a importancia do ovino que se en 1810 Bos Aires contaba con entre 2 e 3 millóns de cabezas de ovellas de escasa calidade e menor produtividade, en 1852 eran xa 15 millóns bastante mais selectas pola importación de meiriñas e de razas británicas. E se en 1830 a exportación de lá representaba 337,7 tns., en 1860 ascendía a 65.704,2 tns.. Se comparamos a proporción de lá e coiros no comercio exterior argentina nos atopamos con que en 1822 a la supoñía o 0,94% no valor das exportacións e os coiros o 64,86%. En 1865 eran o 46,2% e o 27,2% respectivamente¹⁰.

A xeración literaria de 1837 experimenta en propia carne estes cambios que afectaban en primeiro lugar a Bos Aires, pero tamén ás outras provincias. A maior parte dos integrantes procedían de familias que en tempos da independencia pertencían ao patriciado crioulo pero que tiñan perdido fortuna e poder de tal xeito que, cando esta xeración comeza a florecer, as súas parentelas estaban en situación económica precaria cando non completamente arruinadas, tal foi o caso de Esteban Echeverría, Juan Bautista Alberdi ou Domingo Faustino Sarmiento, entre outros, que, se acadaron altos niveis de formación académica, foi grazas a benefactores que pagaban os seus estudos ou lle conseguían algún tipo de axuda oficial en forma de becas. Unha situación paralela á aparición de novos sectores económicos dominantes, pero xeralmente incultos, que, porén, desprazaban ás vellas familias do poder o que dou orixe a un forte resentimento por parte desta camada de intelectuais, un resentimento que vai a expresarse na súa produción literaria e de pensamento. En primeiro lugar no discurso historicista que se elabora.

A xeración do 37 comeza por revalorizar e reivindicar a Revolución de Maio pero dende unha perspectiva moi elitista. Os valores que representaban a oligar-

10 V. Orlando Ferreres (Dir.) (2005) *Dos siglos de economía argentina, 1810-2004*, Buenos Aires, Universidad Católica Argentina, px. 299 e Leslie Bethell Ed. (1991), 293.

quía porteña que protagonizou o proceso independentista foron falseados dende o intre en que as masas dirixidas por caudillos teñen acceso á política. A chegada de grupos sociais, nin esperados nin desexados, a posicións de autoridade e a liberación das masas rurais de relacións de servidume, eran motivo de crecente preocupación polo que supoñía de ameaza á posición social do sector dominante nos anos coloniais. As oligarquías tradicionais eran escasamente inclinadas a mobilizar as masas, pero os líderes militares que procedían do medio rural, si, e ademais apoiáronse nelas para facerse co poder.

Todo isto fai que o grupo intelectual do 37 fora escasamente democrático aínda que se declaraba liberal e defendía as liberdades (as súas) fronte ao autoritarismo rosista (que non estaba tan lonxe das súas propias crenzas políticas). Este liberalismo incluía a defensa de valores e actitudes que derivaban do papel social desempeñado polas súas familias e pola súa clase na orde social xerárquica do Vicerreinado. A idea que se tiña de nación era, polo tanto, moi limitada. Coincide plenamente con outras visións contemporáneas. En Brasil, por exemplo, o titor de Pedro II, José Bonifácio de Andrade, un dos pais da independencia, cualificaba coma “nación” ao grupo dominante dos grandes facendeiros donos de escravos, da burguesía comercial e da alta administración do Estado. En total sobre 3.000 familias. E iso era a Nación.

Sarmiento, que é a figura mais destacada intelectualmente desta xeración, que virou en icono dos grupos liberal-oligárquicos da chamada República Conservadora, e que continúa hoxe representando esa función para todo antiperonista que se prece, tanto na súa obra “Facundo” (1845, que levaba coma subtítulo “Civilización o Barbarie”) coma en “Recuerdos de Provincia” (1850, nacido en San Juan era moi provinciano malia as ínfulas que tiña de cosmopolitismo, e o foi toda a vida) son un exemplo do racismo que tinxe boa parte da súa obra e que se reflexaba no sentido de superioridade de clase que mantivo ata a morte. O odio virulento que sempre manifestou contra os caudillos rurais, igual que o resto de intelectuais do 37, explícase polo éxito que tiveron en conquistar ás clases mais baixas formadas por mestizos, negros e indios. Por iso a súa loita contra Rosas tivo unha clara dimensión social. Negros e indios son presentados coma salvaxes incivilizados nas obras mais importantes do período, “La Cautiva” de Echeverría, por exemplo, ou “Amalia” de José Mármol, quintaesencia da novela romántica arxentina. Mesmo o tan louvado “Martín Fierro” de José Hernández, xa dunha xeración posterior e que supostamente fai unha apoloxía do gaucho renegado e violento, lanza na primeira parte do afamado poema un ataque en toda regra aos indios da Pampa.

Os Salóns Literarios, que teñen unha gran presenza nestes intres aínda que, coma espazos de sociabilidade ían a durar pouco tanto pola vixilancia á que os

sometía Rosas coma a que se trataba dunha moda efémera, é onde se vai desenvolvendo a idea de nación por entón dominante: A nación coma exclusiva propiedade das élites intelectuais, a nación exclusivista, virada en club de iniciados e que deixaba fora á inmensa maioría da poboación. No seo destes Salóns (en realidade, un Salón porque a intelectualidade e a burguesía opositora ao rosismo en Bos Aires non daban para mais), aparece en 1838 a iniciativa de Esteban Echeverría unha sociedade secreta chamada “A Xove Arxentina” (¡manes de Mazzini!) na que se integran inicialmente 35 mozos que oito anos mais tarde se rebautizaría coma Asociación de Maio o que non era nada casual dados os fervores patrióticos e historicistas que erguía a lembranza daquela mal chamada Revolución. Para este grupo a historia nacional comeza non coa chegada dos españois e a fundación de Bos Aires senón co movemento separatista de 1810. Os españois non pintaban nada naquel proceso de construción nacional da que os antecedentes coma colonia non importaban. Era o arrenego mais explícito aos seus propios devanceiros por parte dun grupo de rapaces ilustrados que levaban apelidos vascos, galegos, casteláns, andaluces...pero que preferían esquecer que os seus avós non se consideraban arxentinos en absoluto pois, para comezar, con anterioridade a esa data había crioulos, pero arxentinos non había un. O de ser arxentino era parte da invención do mito nacional que por esas datas estaba poñendo as primeiras pedras aínda que de xeito moi restritivo.

Cando houbo que marcharse para o exilio (e houbo que facelo moi logo porque Rosas non estaba para debates intelectuais e menos despois do bloqueo do Río do Prata pola escuadra francesa en 1838), preferentemente cara a Chile e Montevideo, os membros desta xeración tiveron tempo de ir madurando as ideas que alentaban e entre outras estaba a demolición de todo vestixio cultural español herdado da Colonia. Nada de clasicismo, nada de Virxilio e Cicerón. A onda romántica francesa o estaba invadindo todo e a nova cultura riopratense debería ollar cara París e non cara a Madrid onde non había nada que ollar e si moito do que arrenegar. Salvábase Larra daquel desmonte. A febre antiespañola que afectaba a estes exiliados e que incluía a linguaxe, non demorou en levar a un choque entre Sarmiento e Andrés Bello, o experto xurídico e filolóxico mais importante do continente, e que tiña unha conciencia verdadeiramente americana e panhispana. En Chile, a intelectualidade local, mais conservadora e menos radical que a dos exiliados, non demorou en enfiar a Sarmiento que moraba en Santiago. Mentres que Bello defendía regras tanto para a linguaxe coma para a creación literaria nos vieiros do clasicismo francés e español do XVIII, Sarmiento proclama a liberdade de creación baseada na espontaneidade, nos sentimento e no amor a unha literatura nacional que paradoxalmente se liberara das cadeas hispanas para someterse ás francesas e que mantiña coma divindade inspiradora a Víctor Hugo.

Pero os paradoxos non acabaría aí e, coma se os chamados para construír a futura Arxentina eran poucos (moi poucos), os escollidos que realizarían a nobre tarefa aínda eran menos, non demorou en xurdir diferenzas entre os exiliados sobre coma acabar con Rosas e o debate estourou, e estourou violentamente, nas xa de por si incandescentes páxinas da prensa creada “in partibus”. Cando os exiliados, ou polo menos unha parte destacada deles, decátanse de que Rosas non vai caer por unha intervención estranxeira, mais aínda, cando a houbo Rosas saíu fortalecido, houbo que dirixir a ollada aos tan deostados caudillos provinciais que eran a versión reducida de Rosas. A un deles, Facundo Quiroga, tiña dirixido Sarmiento as mais duras críticas poñéndoo de exemplo do que era a barbarie caudillesca. Pero os tempos cambiaban e as análises políticas tamén e os tiranos de outrora podían ser os aliados do presente. O problema estaba en que todos os proxectos estaban encamiñados a acabar co rosismo (os ismos sempre tiveron moito éxito na política arxentina) pero Rosas non pasaba de ser un “primus inter pares” e por mais que gobernara na mais rica e poderosa provincia da confederación, non gobernaba no país no seu conxunto, de feito o que había era un acordo de mutuo respecto. Rosas non se metía nas políticas provinciais e os líderes provinciais non se metían na política de Bos Aires. Ata que esta política comezou a prexudicalos e isto abriu o camiño para a inesperada alianza de exiliados ilustrados e de caudillos tradicionais.

O xiro estratéxico na emigración percíbese dende 1846 cando persoeiros coma Echevarría ou Alberdi comezan a desenganarse de calquera posible axuda exterior para acabar con Rosas e pasan a facer un chamamento ao Pobo para acabar coa ditadura. Pero un problema se presentaba porén e era o conto que, dadas as inclinacións elitistas de toda aquela grea exiliada, primeiro había que aclarar que se entendía por Pobo. ¿Eran pobo as hordas gauchescas de lanza, mate e poncho?, ¿era pobo exclusivamente a escasa poboación urbana?, ¿e que eran indios, negros e mestizos que cabalgaban ao seu sabor pola Pampa e se poñían ao servizo de quen lles petara?. Unha vez que era sabido que exército de liña disciplinado practicamente non existía, ¿podíase facer a Revolución sen botar man desa xente?. E se triunfaban, ¿volvían novamente á súa condición de indesexables ou quitábase a un caudillo para poñer outro?. Non eran cuestións menores. Se o que se pretendía era impoñer un goberno unitario (sobre todo o país) e civilista, había que fiar moi fino para convencer aos caudillos provinciais de que foran a matarse ao campo de batalla para entregarlle logo ao poder a uns señores con levita que residían tranquilamente en Montevideo ou Santiago.

Alberdi encabezaba o grupo partidario de chegar a un acordo cos líderes das provincias. Mesmo chegou a defender algún tipo de negociación con Rosas para instaurar un sistema democrático (censitario e reducido), proposta que Rosas non

se molestou en considerar e que causou gran escándalo entre os exiliados aínda que, a longo prazo, demostrou que non estaba nada descamiñada cando a crise se resolve pola alianza co xeneral Justo José de Urquiza, gobernador de Entre Ríos e da mesma natureza que o odiado Rosas. No eido oposto, de buscar a intervención europea a calquera custo, estaba Sarmiento e, de certo xeito, Bartolomé Mitre, por entón un mozo exaltado que brincaba entre liberalismo e socialismo (sen ter moita idea do que era) e que peregrinaba por Sudamérica dada a súa afección a vencellarse a canta conspiración liberal ou algo parecido se presentara por diante. Sarmiento, que representaba a visión máis oligárquico-conservadora entre os exiliados, vivía nunha permanente contradición, coma xa sinalou no seu intre Halperín-Donghi, ao confundir sistematicamente autoritarismo e liberdade, afirmacións democráticas e solidariedades oligárquicas, provincialismo e nacionalismo co que acabou creando unha imaxe de non ser de ningunha parte nin estar en ningunha posición política identificable.

Pero non habería posibilidade de acabar con Rosas se antes as relacións entre Bos Aires e o interior non se deterioraba o suficiente coma para levar a unha ruptura. E esa ruptura non se da entre exiliados e Rosas (facía moito tempo que se tiña producido sen ningún resultado práctico) senón no seo da alianza caudillesca. E de todos os caudillos que podían encabezar unha revolta con algunha posibilidade de éxito, o gobernador de Entre Ríos, Urquiza, era o que aparecía coma figura máis estacada. Entre Urquiza e Rosas non había grandes diferencias, os dous eran caudillos, os dous eran terratenentes e os dous gobernaban en beneficio dunha pequena élite de grandes propietarios. O que acabou por inclinar a balanza para que Urquiza liderara aquela sorprendente coalición de federalistas de provincias e unitarios exaltados foi o novo escenario económico. Unha parte importante da economía de Bos Aires baseábase nos saladeiros e nas exportacións de carne seca e salgada aos mercados escravistas de Brasil e Cuba. En realidade a hexemonía daquel grupo estaba lastrando a toda a economía da Confederación pois aparecía coma un modelo xa ultrapasado que se dirixía a mercados con pouco futuro considerando que a escravitude neses intres comezaba a verse coma unha institución non so en declive coma tamén con data de caducidade a curto prazo. Pola contra, en Entre Ríos e mesmo na Pampa bonaerense, a gandería ovina estaba subministrando importantes beneficios aos grandes latifundistas locais que tiñan un mercado máis “moderno” na industria téxtil británica. Pero as exportacións tiñan que pasar necesariamente por Bos Aires e aí se formaba un colo de botella que acabará por provocar o enfrontamento que culmina na estrepitosa derrota de Rosas en Caseros en febreiro de 1852 despois da cal Urquiza dirixiuse a Bos Aires pero non chegou a entrar na cidade.

Pero unha cousa era que existira un inimigo común que axuntaba vontades e outra que o inimigo desaparecera e as contradicións da alianza saíran ao primeiro plano. E Urquiza, coma xa se indicou, non era moi diferente de Rosas. Podía ser un pouco mais culto, pero era tan caudillo coma o derrocado e, dende logo, non era nada entusiasta de impoñer un goberno centralizado que acabara cos poderes provinciais. De feito, mentres que Sarmiento *et alii* rompían a alianza co novo goberno, Urquiza axuntou aos gobernadores provinciais, é dicir, á grea de caudillos que o tiñan acompañado, para ver de darlle unha forma política aceptable a aquel ente das Provincias Unidas que non se sabía moi ben o que era a 40 anos da Revolución de Maio.

O que se acordou na devandita xuntanza poñía os pelos de punta aos porteños decididos a defender a capa e espada a súa situación de hexemonía. Entre os acordos dos gobernadores figuraba declarar a Bos Aires capital do país, o que foi rapidamente interpretado polos rosistas coma un intento de reducir o tamaño e o poder da provincia homónima pois separábase cidade de provincia; outro artigo propoñía a nacionalización da Aduana da que os seus ingresos beneficiaba en exclusiva ao goberno provincial e para rematar o listado se outorgaba a mesma representación a todas as provincias no futuro parlamento en vez de basear a representatividade na porcentaxe de poboación.

Rapidamente Bos Aires entra en rebeldía encabezada por un unitario, Bartolomé Mitre que non tiña renunciado ao papel de *enfant terrible* que viña representando dende os tempos do seu exilio. Urquiza, que antes era o liberador, agora pasaba á categoría de tirano e déspota en nada diferenciado de Rosas. Porén Mitre falaba en termos de nación, é dicir, de algo que aglutinara ao conxunto da Confederación nun proxecto común, discurso ao que se opoñían con teimosía os principais representantes da casta oligárquico-vacuna coma os Anchorena, os Alsina, etc, para quen a autonomía de Bos Aires estaba por riba de calquera outra preocupación. Os grupos oligárquicos, que algunhas décadas mais tarde erguerían a bandeira do nacionalismo fronte aos perigos que representaban os inmigrantes, eran neste intre absolutamente opostos a calquera idea de nación que atentase contra a hexemonía porteña.

O que ven a seguir é unha etapa de loitas e ensaios constitucionais con batallas coma Cepeda e Pavón (na que literalmente Urquiza deixouse gañar por Mitre cando tiña a batalla decidida ao seu favor) e culmina coa Guerra da Triple Alianza contra Paraguai e o asasinato de Urquiza en 1870.

O Partido Liberal, que representaba a fracción unitaria, gobernara sen interrupción en Bos Aires, primeiro con Mitre e dende 1868 con Sarmiento. Pero o partido estaba interiormente laminado, primeiro pola gran discusión entre Alberdi e Sarmiento a propósito do proxecto constitucional, e logo pola rivalidade entre Sarmiento e Mitre.

Cando Sarmiento accede á Presidencia da República, cargo creado pola Constitución de 1853¹¹, atopouse coa feroz oposición de Mitre o que non impediu que acabara con normalidade o seu mandato transmitíndolle pacificamente a banda e o bastón presidenciais ao seu sucesor elixido Nicolás Avellaneda. Por primeira vez aplicábase unha política de alcance nacional por riba dos intereses das provincias. E foron as políticas militar e educativa as que marcaron precisamente esta proxección nacional. As Forzas Armadas e a Escola Pública (creáronse mais de 800 por todo o país baixo o seu mandato ademais de 8 Colexios Nacionais e novas Facultades científicas e técnicas) viraron nos alicerces firmes da construción da nación nun sentido moderno. Pero a idea de nación atopouse cun problema senón inesperado, si desbordante: A inmigración, que comeza a coller pulo nos anos de Sarmiento e sucesores inmediatos. Se con anterioridade o gran debate era se a nación era inclusiva ou exclusivista, se os gauchos, os indios, os mestizos, os mulatos, o pobrerío rural e urbano eran arxentinos ou non, agora o debate trasladábase a outro eido: Que facer co crecente número de estranxeiros que chegaban ao porto de Bos Aires un día si e outro tamén para instalarse no territorio. Alberdi tiña definido a función de gobernar coma a de poboar coma principal misión. O primeiro censo nacional de 1869 daba unha poboación total de 1.836.490 hab. unha cantidade irrisoria para un país que tiña mais de 2,7 millóns de kms². Había, polo tanto, a necesidade perentoria de importar xente. Pero non calquera xente. Sarmiento, que procurou incentivar as migracións cara Arxentina, soñaba coa chegada de galeses, escoceses, irlandeses, alemáns, escandinavos ou ingleses, pero teríase que conformar con vagas de italianos, españois, xudeus, eslavos, armenios, sirio-libaneses etc. Non eran razas malditas, pero aqueles cetrinos individuos de pel morena e cabelo densamente negro non se correspondían co arquetipo ario imaxinado. Pero foi o que houbo. E por riba traían ideas propias e algunhas claramente disolventes que poñían en cuestión a hexemonía que sobre a política e a economía arxentinas exercían o pequeno grupo de estancieros que controlaban os inmensos espazos da Pampa húmida. E o debate cambiou de orientación.

11 A Constitución de 1853 o que crea é o cargo de Presidente da Confederación Arxentina, sendo o primeiro en ocupalo Urquiza. En 1860 houbo unha reforma constitucional cambiándose o nome anterior polo de Presidente da Nación Arxentina que utiliza por primeira vez Bartolomé Mitre.

3. Construír a Nación

Afirma Juan José Sebreli¹² que so en 1880 coa federalización de Bos Aires, que vira en capital da República separada da Provincia de Bos Aires a cal terá a súa capital na cidade de La Plata fundada para estes efectos en 1882, logrouse por fin crear un estado propiamente nacional. Pero 1880 marca algo mais. Marca o triunfo do modelo oligárquico de poder baixo o disface dun modelo liberal que era, no fondo, enormemente conservador.

Pero capitalizar a cidade-porto non foi sen fortes resistencias. O ano 1880 contempla dous feitos que definirán a política arxentina por decenios: A derrota do derradeiro intento de revolta porteño por opoñerse ao sistema federal e o ascenso do xeneral Julio Roca á xefatura do Estado. Entrambos están intimamente relacionados. Nas eleccións de abril dese ano, Roca tiña gañado co apoio da oligarquía estancieira atraída por un programa de paz e progreso de achegados ecos positivistas. Pero os sectores liberais bonaerenses non estaban dispostos a admitir a derrota do seu candidato Carlos Tejedor, un republicano e liberal anti-rosista de vella cepa pero que carecía da formación militar e da vontade de impoñerse que tiña Roca, un xeneral curtido en múltiples conflitos, entre eles a Guerra do Paraguai, e que se impuxo en todas as provincias agás Bos Aires e Corrientes, conseguindo, deste xeito, un amplo triunfo no Colexio Electoral.

Bos Aires presentou unha ferreña resistencia mobilizando aos 20.000 membros da Garda Nacional e presentando batalla. Pero as tropas porteñas foron derrotadas e deberon aceptar as condicións do vencedor: Federalización da cidade coma capital da República, acatamento do presidente elixido, desarme das forzas locais que pasan a depender do Exército Nacional agás as que son cedidas ao goberno provincial e renuncia a calquera movemento revolucionario futuro de sentido localista. En troques os vencedores non tomarían represalias sobre os derrotados. Abriase, deste xeito, unha etapa esplendorosa de tranquilidade política e progreso económico que faría do país o mais avanzado de Iberoamérica nos decenios seguintes. Ao mesmo tempo, e froito do triunfo de Roca, aparecía o primeiro partido político de ámbito nacional: o Partido Autonomista Nacional, que ten en Roca á súa principal figura e que gobernaría o país por mais de 30 anos. E non era marxinal a creación dun partido que se implanta no conxunto do país con gran rapidez cando por estas datas as únicas institucións propiamente nacionais eran o Exército e a Igrexa Católica.

A década de 1881 a 1890 contempla o lanzamento da Arxentina coma a gran potencia económica rexional, feito acompañado dun rápido crecemento da po-

12 J.J. Sebreli (2002) px. 63.

boación grazas á intensa enxurrada migratoria procedente moi maioritariamente da Europa do Sur. Produtora neta de materias primas de orixe agrario e gandeiro, Arxentina estaba experimentando unha gran transformación ao abeiro dos avances tecnolóxicos e do desenvolvemento da industria do frío.

Na década dos Oitenta a gandería continuaba a ser o principal puntal da economía do país aínda que o cereal estaba a gañar terreo. O primeiro frigorífico industrial instalouse en 1883 o que permitiu o envío a Europa de carnes frescas arrefriadas. Este paso favoreceu ao gando bovino en prexuízo do ovino. Este último contaba en 1881 con 57.800.000 cabezas que tiñan descendido a 51.600.000 en 1888. No mesmo período as cabezas de gando vacún pasaron de 11.854.000 a 21.964.000¹³. Pola súa banda a explotación do cereal alterou a composición das exportacións que comezaron a ter un compoñente agrario importante sen por elo afectar á estrutura da propiedade. Iso apréciase na proporción que estaba tomando estas exportacións no conxunto do comercio exterior. Se no quinquenio 1880-84 supoñían o 6,90% do total, no quinquenio seguinte eran xa 16,62%. O problema de vender cereal ao exterior era a ferreña defensa que dos seus mercados facían outros países produtores. Neste sentido Brasil aparecía coma o único destino importante das fariñas arxentinas. Pola contra, as carnes tiñan un mercado importante en Europa e este mercado foi *in crescendo* nos anos seguintes. Fronte a esta importancia das producións primarias, a industria, que se estaba implantando moi de vagar, tiña só un carácter auxiliar agás aquela relacionada co campo coma eran os frigoríficos, os muíños de fariña, e as que traballaban graxas e coiros sendo os primeiros, polos capitais precisos para a súa instalación, os mais importantes con diferenza, estando boa parte deles en mans de empresas estranxeiras, singularmente británicas, ata que xa no S.XX, aparecen as norteamericanas para disputarlle o control da exportación de carne.

Entre 1881 e 1890 entraron en territorio arxentino 1.089.850 inmigrantes saíndo do país 234.880 emigrantes co que temos un saldo neto favorable de 854.000 persoas que se integraron especialmente na poboación urbana, singularmente na porteña virando Bos Aires na área mais favorecida de instalación dos recién chegados. E en termos de afluxos, o peor estaba aínda por vir. A poboación do país grazas a estes aportes mais o crecemento natural, pasou de 2.559.839 en 1880 a 3.472.777 en 1890. Se nos decatamos, o número total de inmigrantes na época pasou a representar sobre o 27% do total da poboación nacional. E se isto era xa alarmante para algúns, no caso concreto de Bos Aires era aínda mais perceptible pois en 1890 atinxía unha poboación de mais de medio millón o que case duplicaba a que tiña en 1880 a cidade ano no que contaba con pouco mais de 300.000 hab.. Isto presen-

13 Orlando J. Ferreres (2005), 299.

taba un problema moi grave do que os intelectuais da época eran conscientes. Coas rúas da capital inzadas de italianos, españois, armenios, xudeus, centro europeos ou británicos, ¿que significaba ser arxentino?.

A comezos da década a oligarquía arxentina estaba claramente afiliada ao nacionalismo, pero isto entraba en contradición con outras afiliacións coma a do liberalismo no que tamén dicían militar. O liberalismo era individualista, baseado na razón, laico, positivista, defensor da pluralidade ideolóxica e favorable á creación de partidos; o nacionalismo, pola contra, era colectivista, emocional, católico, partidario dun pensamento único, e mais favorable a movementos que a partidos. Por se isto non abondara aínda había mais diferencias: O nacionalismo era anti-democrático, ollando constantemente cara un pasado que se consideraba mellor, atado a unha tradición secular e inamovible e atado á cultura rural idealizada de gauchos e montoneras; o liberalismo era universalista, ollaba cara o futuro, reivindicaba a cultura urbana cosmopolita e defendía o capitalismo. ¿Como casar este cúmulo de posturas contraditorias? A ponte entre ambas bandas a vaia establecer o positivismo comtiano, credo que configura a ideoloxía do liberalismo arxentino polo menos ata 1910. Certamente Comte defendía o coñecemento científico e opoñíase aos dogmas católicos, pero tamén tiña criticado o liberalismo francés e a súa tradición racionalista que se remontaba a Descartes. Coma para Comte a sociedade era unha entidade orgánica por riba dos individuos que a integraban, abría un camiño de encontro entre nacionalistas e liberais, e coma ademais defendía a necesidade dunha relixión, aínda que esta fora positivista, coma cemento de cohesión social e a súa visión da organización social era autoritaria e corporativa os católicos non vían con malos ollos polo menos unha parte desta doutrina. O progreso, en ningún caso debe perturbar a orde. Este pensamento permite o achegamento do liberalismo librepensador e masón ao nacionalismo católico e tradicionalista. De aí que a ideoloxía das clases dominantes vira en liberal-conservadora sendo este o pensamento hexemónico vixente ata a quebra do pacto oligárquico.

A fusión de liberalismo e nacionalismo vaise manifestar ante todo en dous eidos: A educación e o Exército. E foi nestes eidos onde se constrúe a idea de nación e a de arxentinidade tal e coma o concibían as élites económicas e políticas.

¿Que se transmite nas escolas aos fillos dos inmigrantes que estaban a chegar ao país?, ¿cal era a doutrina unificadora para facer dos rapaces cidadáns arxentinos?. En primeiro lugar o ensino dunha historia heroica que exalta as glorias militares e o culto idolátrico aos próceres, en segundo lugar este ensino ten a súa parte práctica na celebración de cerimoniais rituais nas efemérides patrias, na adoración fetichista dos símbolos nacionais, na erección de altares da patria arredor dos que se celebran periodicamente actos de exaltación nacionalista, as exultantes oratorias nas celebracións do culto aos heroes virado en relixión laica (pero onde tamén

conflúen valores relixiosos, por exemplo a atribuída devoción mariana de San Martín) e un considerable aporte de militarismo a través do diario saúdo da bandeira antes de comezar as clases, as cancións patrióticas que eran entoadas con fervor en desfiles dos alumnos que marcaban marcialmente o paso e ían armados, mentres que as alumnas desfilaban vestidas de branco e portando un gorro frixio¹⁴. Detrás de todo isto estaba o Consello Nacional de Educación, o que demostraba o gran interese que as autoridades gobernamentais tiñan pola celebración de tales eventos.

A pedagogía nacionalista acadou un enorme éxito conseguindo que a primeira xeración de fillos de inmigrantes proletarios esquecese a lingua dos pais na súa gran maioría, para expresarse exclusivamente na forma dialectal do español falado no Río do Prata, e esquecese parte dos costumes importados¹⁵. Por exemplo, ven desta época que os arxentinos ao saudarse se dean un bico e non dous por consideralo o hábito “colonial”, é dicir, hispano, nun intre no que estaba mal visto todo o español.

Os libros de texto tamén foron utilizados coma vehículo para a propaganda patriótica e era o mesmo que falaran de historia ou de ciencias naturais. Cando decenios despois os opositores acusen a Perón de adoutrinar aos rapaces, os precedentes estaban aquí, cando gobernaban os mesmos que logo criticaban. O concepto de patria que se transmitía era semitotalitario e tiña coma modelo, nos os textos utilizados nas escolas británicas ou francesas, senón nas alemás e, mais concretamente, nas prusianas. Unha tendencia proxermánica que evidenciaba as conexións entre militarismo e educación pública e que tiña as súas raíces nos programas de formación das escolas e institutos militares da Arxentina que aplicaban, coma en Chile, o modelo alemán. E dos centros de ensino castrense pasaron aos centros de ensino civil. Moitos intelectuais e unha gran parte dos funcionarios responsables das políticas educativas a través das inspeccións, devecían polo Kaiser e por todo o que significaba a cultura xermana.

Outro aspecto desta crecente militarización da escola pública foi a importancia que se daba á educación física e á práctica do deporte. O modelo proviña tanto das “Public Schools” británicas que, coma se sabe, eran calquera cousa menos públicas, coma das asociacións estudantís xermanas para a práctica do deporte. Pero non de calquera deporte. O que se ensinaba nas escolas arxentinas, polo menos onde había condicións para facelo, eran o tiro e o esgrima sobre todo, pois do que se trataba era de fabricar cidadáns armados de doada mobilización en caso de conflito con algún veciño. E cando se falaba de conflito, falábase de Chile e Brasil.. Un dos expertos en

14 Nas celebracións do 25 de Maio de 1888, mais de 1000 nenos desfilaron deste xeito organizados en batallóns infantís. V. Lilia Ana Bertoni (2001) px. 90.

15 Débese facer notar que este esforzo educativo dirixiuse sobre todo aos fillos dos traballadores urbanos, en boa medida inmigrantes, para integralos rapidamente na nación que se estaba a crear.

educación que realizaban periódicos informes sobre a educación nacional, Alejandro Guesalaga, afirmaba que “os exercicios ximnásticos son unha preparación para o estado militar”. E non se trataba tan só dunha opinión. Tiña versión práctica cando as asociacións deportivas en mans da élite organizaban entre os seus socios grupos de choque para agredir militantes obreiros e asaltar xornais esquerdistas ou publicados en linguas estranxeiras e destinados a ser lidos polos inmigrantes. Esta situación agravárase, xa despois das festas do Centenario da Independencia en 1910, coma consecuencia do empeoramento do clima social no país.

A fins da década da que estamos a falar, o incremento exponencial de inmigrantes estaba levando entre o grupo oligárquico, a manifestación agresivas de xenofobia e racismo do que eran especialmente vítimas os inmigrantes xudeus. Un sentimento que foise de a pouco estendendo a outras capas da sociedade estigmatizando a xentes procedentes de culturas supostamente mais atrasadas con apelativos insultantes “gallego”, “tano”, “turco”, “ruso” etc que tiñan virado en personaxes grotescos de sainete. O problema chegou a niveis tais que os grupos de inmigrantes se enfrontaban entre si ou os fillos desprezaban a cultura traída polos pais.

Na elaboración da mitoloxía nacionalista ocupou un lugar de honra o gaucho, ata entón personaxe vilipendiado por pobre, desprezado por ignorante e temido por marxinal. Pero foi un proceso de asimilación lento e serodio. Aínda que o “Martín Fierro”, a obra cimeira do xénero, publícase en 1872 e pasa sen pena nin gloria ata que é (re)descuberta por Miguel de Unamuno (1894) nun artigo publicado en “La Revista Española” e noutro posterior, de 1899, en “La Ilustración”; o propio Azorín falou positivamente desta obra. Pero o “revival” do gauchismo presentaba algúns problemas ideolóxicos e interpretativos e, necesariamente, unha revisión da historia. Para empezar o propio Hernández era un cesto de contradicións, pois, mentres por unha banda semella defender ao gaucho coma quintaesencia da alma nacional (non da alma popular), por outra, denigra a inmigrantes e indios en tons absolutamente xenófobos. E iso que Martín Fierro acaba refuxiado nunha toldería de indios mapuches (2ª parte da obra, “La vuelta de Martín Fierro”, 1879). De feito esa segunda parte é un xeito de reconciliación entre o gaucho e a civilización aínda que non deixa de ser paradoxal que, no mesmo ano en que se publica “Martín Fierro”, Hernandez andaba a publicar artigos laiándose de que, cando había que facer levas militares para loitar contra os indios, as recrutas caían sobre os produtores agrarios e non sobre os marxinais que cabalgaban libres Pampa adiante. E non se debe esquecer que Martín Fierro era un destes marxinais despois de todo.

Pero a exaltación do gaucho, respondera ou non a un sentimento sincero, poñía en cuestión o pensamento de Sarmiento e das súas ferozes críticas ao mundo do pobrericío rural alcumado de horda salvaxe e contraria á civilización. E se Sarmiento comezaba a ser revisado, Rosas tamén. E na década seguinte aparecen xa obras cun-

ha certa reivindicación da figura do caudillo que irán a mais xa entrado o século ata facelo virar en defensor da soberanía nacional fronte ao imperialismo voraz de Gran Bretaña e Francia. En paralelo, o vieiro, ata entón non moi transitado, que sinalara Hernández, comeza a florecer con obras senlleiras da literatura deste intre inspirada no modelo fierresco. É o caso de “Juan Moreira”, colección de folletíns da autoría de Eduardo Gutiérrez, publicados entre 1879 e 1880 e inspirados nun personaxe real, metade gaúcho aventureiro e delincuente, metade xusticeiro popular a quen Hobsbawn non dubidaría nin un minuto en incluílo no seu panteón de rebeldes primitivos; é o caso de “Al campo” de Nicolás Granada (1902), de “La Guerra Gaucha” de Leopoldo Lugones (1905), de “Barranca Abajo” de Florencio Sánchez (teatro, 1905) ou da obra que culmina (pero non remata) todo este xénero, “Don Segundo Sombra” de Ricardo Güiraldes (1926).

Cabe preguntarse, ¿coma unha oligarquía arxentina fondamente europeizada, que veraneaba en Cannes, que visitaba con asiduidade París e Londres, centros da civilización, e que era propietaria de palcos no Teatro Colón de Bos Aires para escoitar aos mellores cantantes de mundo, sentíase atraída por semellantes contidos como, non moito despois sería atraída polo tango, outro produto da marxinalidade, neste caso urbana?. Pois só se pode entender polo cambio de mentalidade que se estaba a producir debido á crecente chegada de inmigrantes. Ao final o gaúcho tradicional, especie xa en vías de extinción e en claro proceso de domesticación social, era menos perigoso e mais asimilable que as hordas foráneas que un día si e outro tamén vomitaban os buques de transporte nos peiraos porteños. O desaparecido mundo precapitalista travestido en idílico ruralismo polos creadores literarios e artísticos, era reconstruído en festas de estancia cos participantes, ilustres membros da oligarquía nacional, onde se facían asados, se disfrazaban de gaúchos e chinas, consumían asado, bebían mate e bailaban o pericón, o chamamé ou a zambra aínda que esta non tivera as súas orixes en terras pampeanas. Ao fin e ao remate, Martín Fierro era da casa. Non demoraría moito en que toda aquela mistificación integrara tamén o tango que, se ben creado por inmigrantes, acabaría por ser absorbido por unha aristocracia e unha burguesía (a primeira con un pe nos campos e outra nos palacetes urbanos, a segunda plenamente urbanita) que devecían por atopar elementos identitarios que os sinalaran coma arxentinos.

Cando comeza a década dos noventa, a máquina posta en marcha para fabricar arxentinos estaba xa obtendo éxitos rotundos. O patriotismo estaba virando en relixión laica, mais acentuado ao carecer os centros de educación de ensino relixioso de calquera clase. Ricardo Rojas, o moi coñecido poeta, dramaturgo e político arxentino, que pertencía a unha xeración posterior á que protagonizou os feitos dos Oitenta, afirmaba que a Patria era unha forma visible da Divinidade e os intelectuais e a xerarquía católica, pola súa banda, so recoñecían a Nación na

medida en que a relixión era un dos principais alicerces da mesma negándolle aos liberais nacionalistas o dereito a chamarse nacionalistas pois ao suprimir a relixión do ensino estaban negando o cemento básico da unidade nacional. So cando as ideoloxías foráneas en forma de socialismo ou anarquismo poñen en perigo a idea que se ten de Arxentina é cando os liberais, mesmo os mais progresistas, anímanse a botar man da Relixión como elemento integrador e fundamental da nacionalidade e non de calquera relixión, senón da católica, o que permitiu un achegamento da Igrexa ao Estado que se fará mais evidente coa imposición progresiva dun moralismo clerical que reina durante medio século e que fai da hipocrisía un dos caracteres definitorios da sociedade arxentina que chega ao cume cando en 1934 se celebre en Bos Aires un Congreso Eucarístico Internacional no que o Presidente Justo, un home que non era precisamente un modelo de devoción, consagre Arxentina a Cristo diante do cardeal Pacelli, legado papal no Congreso, quen, sabendo quen era o personaxe e consumado diplomático que era, ollou para outra banda e dou por boa a cerimonia.

O terceiro elemento sobre o que se constrúe a nacionalidade (lembramos os outros dous: Educación e Relixión), é o Exército. O Exército Nacional comeza a súa andaina coma tal coa Guerra do Paraguai. Podemos considerar coma precedente o Exército da Independencia, pero este foi disolvido por Rivadavia e o que houbo a seguir foron bandas armadas ao servizo dos caudillos locais e que dificilmente podían ser alcumados de forzas organizadas e disciplinadas. Despois da caída de Rosas o que aparece coma primeiro antecedente é a Garda Nacional, institución creada en 1852, de inspiración nacional e que respondía á idea do cidadán armado. Unha institución mais caótica que disciplinada pero que serviu de xermolo das futuras Forzas Armadas nacionais que comezan a tomar forma definitiva cando en 1865 se organiza o exército de operacións do Paraguai. Con mais dificultades a idea moderna dunha mariña nacional vaise desenvolvendo dende 1865 aínda que por falta de recursos demoraría moito mais en acadar forma definitiva. En 1869 nace o Colexio Militar e a Escola Naval en 1872.

O Exército Nacional organízase con Roca a partir das experiencias aprendidas tanto na Guerra o Paraguai coma na Campaña do Deserto que tiña protagonizado o propio Roca quen foi o primeiro dirixente político en tomar conciencia da necesidade dunha frota de guerra poderosa malia as limitacións orzamentarias. Case en paralelo a todas estas transformacións abrollan as primeiras loxias secretas no seo do Colexio Militar. Tratábase de células integradas por un pequeno número de militares, alumnos e profesores, que tende a potenciar o “esprit de corps”, a fomentar un hipernacionalismo expansivo que leva a crear mapas fantasiosos da “Gran Arxentina” o que, a comezos do S.XX, levará a mais dun conflito diplomático cos países veciños. As Forzas Armadas axudaban tamén a expandir a idea de Nación ao

participar na formación paramilitar dos alumnos de primaria e secundaria seguindo as pautas gobernamentais, fomentadas dende a prensa, formando unha mentalidade de submisión, disciplina e acatamento das ideas establecidas. Os nenos non eran vistos, con estas formulacións, coma futuros cidadáns senón coma futuros soldados. Non é casualidade que no vocabulario político arxentino, ata hoxe, sexa moito mais utilizado o termo Patria, que é de por si moi etéreo e evanescente, ao de Nación, mais concreto ao referirse a un conxunto de cidadáns. Os militares, malia esta presenza na formación educativa dos civís, tenderon a velos coma os seus inferiores debido a que a formación de moitos destes xoves e rapaces, en boa parte fillos de inmigrantes, descoñecedores da lingua, dos costumes e mesmo, en bastantes casos, analfabetos, aos que non se lle podía aplicar outro disciplinamento que o sentido da obediencia e o respecto cego da xerarquía imposto con toda a rudeza que se precisara. Por outra banda os militares eran, xunto aos relixiosos e os mestres de escola, a única institución que tiña una visión xeral, física e concreta do que era a Nación Arxentina ao estar destinados en lugares dispersos por toda a República a algúns dos cales o Estado non chegaba agás pola presenza de acuartelamentos e gornicións.

Ao final da década da que estase a falar, tíñase formado xa a idea dunha nación homoxénea baseada nunha lingua única e nunha suposta raza única. O que dará lugar a un achegamento a España, a unha relectura do pasado histórico e á toma de conciencia de que, cabo os outros países iberoamericanos, agás o Brasil, formábase parte dunha unidade cultural que tiña unha lingua común e unha historia compartida. O achegamento a España levará, por exemplo, a suprimir algúns versos do Himno Nacional que se consideraban ofensivos para a Nai Patria (concepto que tamén agora comeza a popularizarse) o que se leva a cabo, non sen unha intensa campaña opositora, en 1893.

A idea dunha raza propia, a raza hispana ou ibérica, non a raza latina, indeterminada demais, cobra forza a partir das celebracións do cuarto centenario da Descuberta en 1892. Dende logo era moi paradoxal crear unha imaxe de raza homoxénea nun país que recibía decenas de milleiros de inmigrantes por ano e que proviñan dos lugares mais diversos de Europa e do Próximo Oriente, mais aínda cando as razas non se definían tanto por caracteres físicos coma por pertencer a un determinado país, razón pola que se falaba da raza española, da raza francesa ou da raza portuguesa coma se houbera insalvables diferenzas físicas e anímicas entre os individuos dun ou doutro país. Se o debate sobre unha lingua única e oficial tiña xa xerado ríos de tinta, o da raza foi moito mais violento pois os inmigrantes acabados de chegar non estaban polo labor de renunciar rápida e pacificamente aos seus rasgos identitarios. Haberá que agardar a Perón para que, por exemplo, as comunidades organizadas de inmigrantes deixen de ter xornais e programas de radio

nas súas linguas respectivas. Pero os pasos estaban dados dende os Oitenta para que o país comezar a ter claro que era unha nación e en que consistía ser arxentino idea que ata esa década estaba moi pouco clara e moito menos definida. Os Oitenta tiñan posto as sementes e creado as condicións para o xurdimento dun gran país.

BIBLIOGRAFÍA

- Bertoni, Lilia Ana (2001): *Patriotas, cosmopolitas y nacionalistas. La construcción de la nacionalidad argentina a fines del S.XIX*. Buenos Aires, F.C.E.
- Bethell, Leslie (Ed.) (1991): *Historia de América Latina*, Vol. 6, Barcelona, Editorial Crítica.
- Caro Baroja, Julio (1970): *El mito del carácter nacional. Meditaciones a contrapelo*. Madrid, Seminarios y Ediciones S.A.
- Del Campo, Salustiano (Dir.) (1987): *Diccionario UNESCO de Ciencias Sociales*, T.III. Madrid, Instituto de Estudios Políticos.
- Ferreres, Orlando J. (2005): *Dos siglos de economía argentina (1810-2004)*, Buenos Aires, Ed. El Ateneo.
- García-Pelayo, Manuel (1979): *El tema de las nacionalidades. La teoría de la nación en Otto Bauer*. Madrid, Fundación Pablo Iglesias.
- Gellner, Ernest (1983): *Naciones y nacionalismo*. Madrid, Alianza Universidad.
- Hobsbawm, Eric J. (1991) *Naciones y nacionalismo desde 1780*. Barcelona, Ed. Crítica.
- Marx, Karl y Otros (1976): *El marxismo y la cuestión nacional*. Barcelona, Ed. Avance.
- Peña Pérez, Francisco Javier (2005): *El surgimiento de una Nación. Castilla en su historia y en sus mitos*. Barcelona, Ed. Crítica.
- Renan, Ernest (1987): *¿Qué es una nación?*. Madrid, Alianza Ed.
- Sebreli, Juan José (2002): *Crítica de las ideas políticas argentinas*. Buenos Aires, Ed. Sudamericana.